

As linguas non son feitas uniformes. En cada unha delas conviven toda unha serie de **variedades lingüísticas**, relacionada con factores históricos, xeográficos, culturais, sociais, etarios, profesionais e contextuais. Son, pois, heteroxéneas, dinámicas e multiformes.

Non obstante, sobre aquelas variedades da lingua que non se corresponden co **estándar** pesa habitualmente o preconceito de consideralas *incorrectas* ou *desviadas*. En realidade, do mesmo xeito que non hai linguas *superiores* e linguas *inferiores*, tampouco hai variedades lingüísticas *mellores* ou *peores*.

Podemos distinguir dúas grandes clases de variedades da lingua: as **variedades estruturais** e as **variedades de uso**. Mentres as primeiras son obxecto de estudo por parte da Lingüística, as segundas son materia da Sociolingüística.

VARIEDADES ESTRUCTURAIS

Poden ser de dous tipos: **diacrónicas** e **diatópicas**.

As variedades diacrónicas teñen que ver coas diferenzas que se van dando nunha lingua ao longo das sucesivas etapas da súa historia. Ao referirse ao idioma galego, adóitase considerar a existencia de tres grandes variedades diacrónicas:

- **Galego antigo** ou **medieval** (séculos VIII-XV).
- **Galego medio** ou **moderno** (séculos XVI-XVIII).
- **Galego contemporáneo** (séculos XIX, XX e comezos do XXI).

Hai que ter en conta que dentro de cada unha delas, hai diferentes subvariedades que reflicten períodos temporais máis curtos. Así, dentro do que chamamos **galego contemporáneo**, podemos falar perfectamente de subvariedades como “galego do Rexurdimento”, “galego do primeiro terzo do século XX”, “galego da posguerra franquista”...

As diferenciacións que se dan na lingua atendendo ao criterio espacial ou xeográfico reciben o nome de **variedades diatópicas** ou **dialectos**.

A respecto do noso idioma existiu a percepción dunha fragmentación excesiva da lingua, á que se engadía unha valoración despectiva da propia fala dialectal fronte ás outras variantes.

O mapa dialectal do galego actual presenta unha división do dominio lingüístico en tres grandes bloques: **Oriental**, **Central** e **Occidental**.

Para delimitar estes bloques tense en conta a concorrencia dun grupo de características que presentan uns límites próximos ou coincidentes e que permiten individualizar un territorio fronte a outro. Os límites que presentan xeograficamente os fenómenos lingüísticos márcanse con **isoglosas**. Estas son liñas

imaxinarias que serven para trazar a fronteira entre unha zona onde existe un fenómeno lingüístico e outra (s) onde non.

Diferencias fonéticas

- **Resultado dos grupos latinos -ULT-, -UCT-:** A variante maioritaria *oit* aparece a carón de *uit*, propia do occidente da provincia da Coruña e do sur da de Pontevedra, e de *uit*, *ut* e *uti*, propias do galego oriental. Así temos *loita*, *luita*, *luta*, *lutia*
- **Os grupos latinos QUA-, GUA-** redúcense na maior parte do territorio galego orixinando formas como *catro* e *gardar*. Nas falas do bloque oriental, na meirande parte do territorio ourensán e no sur da provincia de Pontevedra mantéñense: *cuatro*, *guardar*.
- **Gheada.** É a realización da consoante oclusiva velar sonora /g/ como aspirada farínxea. A gheada é un fenómeno propio do galego que afecta aos territorios que abranguen A Coruña, Pontevedra, a metade suroccidental de Ourense, o occidente de Lugo e zonas dos Ancares leoneses.
- **Seseo.** É a ausencia da oposición entre o fonema fricativo interdental xordo /ʝ/ e o alveolar fricativo xordo /s/ que se converten en /s/. Existen dúas formas de seseo: **total**, en posición explosiva e implosiva, isto é, antes e despois do núcleo silábico (*disir*, *des*), e **parcial**, en posición implosiva (*des*, *zapato*). O seseo implosivo afecta a grande parte de Coruña e Pontevedra que só aparece nas falas da metade occidental da Coruña e en zonas costeiras de Pontevedra.
- **Rotacismo:** O paso de *s* a *r* diante de consoante sonora (*derde*, *ar vacas*, *or nosos*...) rexístrase no sur de Lugo, no interior de Pontevedra (área do Deza) e en gran parte de Ourense.

Diferencias Morfosintácticas

- A **evolución das terminacións latinas -ANUM, -ANAM** presenta dúas solucións maioritarias: *-án* para masculino e feminino no galego occidental (*irmán* / *irmá*; *verán*, *mañán*) e *-ao* para o masculino e *-á* para o feminino no galego central e oriental (*irmao* / *irmá*, *verao*, *mañá*).
- **Resultado das terminacións latinas: -INUM, -INAM** contrapón a solución maioritaria, *-iño*, coa solución *-ín*, propia do leste de Lugo e das falas galegas de Asturias e do Bierzo. Deste xeito temos *camiño*, *veciño*... fronte a *camín*, *vecín*...
- **Plural dos nomes rematados en -l** presenta distintas variantes segundo as zonas: *reais*, no galego oriental, e *reás* ou *reales*, no resto do territorio.
- **Plural dos nomes rematados en -n** presenta tres variantes: *ladróns*, *ladrós*, *ladrois*, que corresponden ao bloque occidental, central e oriental, respectivamente.
- A **forma masculina singular do artigo** é, maioritariamente, *o*, mais na xeneralidade do galego de Asturias é *el* (*el río*, *nel lu-gar*) ou *’l* (*como ta’l país!*). Tamén en feminino pode

aparecer na mesma zona a forma *l'* para o artigo, en posición antevocálica (*l'herba*).

- Os **demonstrativos** presentan tres modelos:

Este, esta, esto; ese, esa, eso; aquel, aquela, aquilo é o maioritario.

Iste, esta, esto; ise, esa, eso; aquil, aquela, aquilo dáse na maior parte de Ourense e no sur de Lugo.

Este, esta, isto; ese, esa, iso; aquel, aquela, aquilo é propio do nordeste da Coruña e do sur de Pontevedra.


- **Pronome suxeito de 2ª persoa do singular** presenta as variantes *ti*, na Coruña e Pontevedra (agás o sur) e *tu*, no resto do territorio.
- **Pronome suxeito de 3ª persoa do singular** presenta as variantes *el*, maioritaria, e *il*, propia das falas do sur da provincia de Lugo e de boa parte da de Ourense.
- Os **pronomes átonos *te/che***. Na maior parte do dominio galego distínguense pola súa función: *te* (CD) e *che* (CI). Non obstante, no occidente da Coruña (ata a ría de Arousa) prodúcese o fenómeno que coñecemos co nome de **cheísmo**, ou sexa, o pronome *che* desempeña as funcións de CD (excepto con valor reflexivo: *lávaste*) e CI. Por outra banda, no Baixo Miño e nalgúns falas do leste de Ourense é o pronome *te* o que asume as funcións de CD e CI (**teísmo**).
- **1ª persoa do Pretérito dos verbos da primeira conjugación** presentan as seguintes variantes: *cantei* é a forma máis estendida xeograficamente; *cantein* é propia dunha franxa no oriente de Galiza e en puntos illados da costa da Coruña; *cantén* dáse na costa máis occidental desa provincia, no sueste de Lugo e no sur de Pontevedra; *cantín* é propia das rías de Arousa e Pontevedra.
- **A terminación da 2ª persoa do plural do Pretérito** presenta como variante maioritaria *-stes* (*cantastes*). No entanto, en falas da Coruña e de Pontevedra existe a terminación *-stedes* (*cantástedes*) e outra solución minoritaria que aparece espallada por diversas zonas é *-chedes* (*cantáchedes*).
- **Variantes para a 2ª e a 3ª persoas de singular do Pretérito dos verbos da segunda conjugación**. *Colleches* emprégase no galego occidental, fronte á forma normativa que é *colliches*, propia dos bloques central e oriental. *Colliu* emprégase no occidente da Coruña, fronte a *colleu* que se dá no resto do territorio lingüístico do galego.
- **Distribución de *cantabamos / cantábamos, cantaramos / cantáramos e cantariamos / cantaríamos***. As formas con acentuación grave son características de todo o centro e sur do territorio galego, mais no occidente e nordeste coruñés, centro e norte de Lugo, franxa sudoeste de Pontevedra, sudoeste de Asturias e falas de León e Zamora a acentuación é esdrúxula.
- **Distribución dos perfectos *cantano / cantaron***. A terminación *-no* dos perfectos (*cantano, colleno, partino, fixeno, fono...*), en lugar dos maioritarios en *-ron*, é propia do occidente coruñés.

Léxico

Hai significados cun único significante para todo o dominio lingüístico, pero moitos outros

posúen variantes localizables en áreas determinadas: *amencer / amañecer / amaecer*; *arume / candeia / faísca / penica*; *ver / mirar*; *raposo / golpe*; *vagalume / lucecú*; *aguillón / ferrón / ferrete / pico*;...

BLOQUES DIALECTAIS



Cada bloque inclúe no seu interior diferentes falas dialectais cunha serie de características comúns, que á súa vez as diferencian das falas dos outros bloques..A distinción entre os tres grandes bloques dialectais do galego baséase fundamentalmente na diferente solución que se lle dá ao plural dos nomes rematados en -N.

Bloque	occidental	central	oriental
Gheada	aghulla	aghulla / agulla	agulla
seseo	sapato / zapato lus / lus	zapato / zapato lus / luz	zapato luz
solución sufixo -ANUM	irmán irmán	irmao irmán	irmao irmá
plural palabras en -n	camións	camiós	camiois
pronome 2ª persoa	ti / tu	ti / tu	tu
solución ULT- latino	moito / muito	moito	muito / muto / mutio
Vocal temática c2	colleches	colliches	colliches
2ª p. plural presente	cantades	cantades	cantais
solución -INUM latino	rapaciño	rapaciño	rapacín

Cada un destes bloques non ten, como xa se dixo, unha unidade total desde o punto de vista dialectal, presentando diferentes solucións que se agrupan en áreas, e estas, á súa vez, en subáreas e microsubáreas dialectais.

Bloque	áreas	características	exemplo
Bloque occidental	Fisterrá	Seseo total Cheísmo	<i>sapato / lus</i> <i>vinche onte</i>
	Bergantiñá	Seseo parcial Sen cheísmo Ditongo -oi- Vogal tem.-i-	<i>zapato / lus</i> <i>vinde onte</i> <i>moito</i> <i>colliu, partiu</i>
	Pontevedresa	Sen cheísmo Vogal temática -e- // -e- / -i-	<i>vinde onte</i> <i>colleu, parteu / colleu, partiu</i>
Bloque central	Mindoniense	Pronomes 2ª persoa Vogal temática -e- Presente Subxuntivo <i>ser/estar</i> Léxico característico	<i>nosoutros-vosoutros; tu</i> <i>colleu, parteu</i> <i>seña-esteña</i> <i>felgo, golpe, barruzar, cimón</i>
	Central de transición	Vocal temática -e- / -i- Feminino -án	<i>colleu, parteu / colliu, partiu</i> <i>miña irmán</i>
	Lucu-auriense	Demostrativos Pronome 3ª persoa Vogal temática -e-, -i-	<i>iste-ise-aquil</i> <i>il</i> <i>colleu-partiu</i>
	Oriental de transición	Ditongo -ui- Sufixos número-persoais	<i>muíto</i> <i>cantandes-cantais</i>
Bloque oriental	Asturiana	Mantén -l- intervocálico Terminación -íus, -ías Artigo masculino el / l' Artigo feminino a / l' Posesivos Artigo indeterminado e indefinidos	<i>avolo, molín, animales</i> <i>padríus, madrías</i> <i>el día / l'amigo</i> <i>a casa / l'herba</i> <i>mou, tou, sou; mía, túa, súa</i> <i>úa, algúa, ningúa</i>
	Ancaresa	Gheada Cheísmo Vogais nasalizadas Vogal temática -i- Demostrativos	<i>ghato</i> <i>vinche onte</i> <i>madría, ña</i> <i>colliu, collira</i> <i>estos, esos, aqueles</i>
	Zamorana	Ditongos -oi- e -ou- Ausencia de ditongo Terminación -iño Teísmo	<i>noite-noute, dous-dois</i> <i>muto, truta</i> <i>camiño</i> <i>díxete que...</i>
	Oriental-central	Mantén as características xerais do seu bloque	

VARIEDADES DE USO

Variedades diafásicas

As **variedades contextuais, diafásicas** ou **funcionais**, tamén denominadas **rexistros** ou **estilos**, dependen das características e da relación existente entre os interlocutores, dos temas abordados, das circunstancias do acto comunicativo, da canle empregada, do propósito da comunicación etc. É común distinguir en calquera lingua dous tipos básicos de rexistro, que admiten gradación:

- rexistro coloquial ou informal

Utilízase en actos de fala marcados por necesidades inmediatas, subxectivas, da vida cotiá, con escaso contido intelectual. Presenta pouca adhesión á norma gramatical: emprégase nel un vocabulario usual, que inclúe con frecuencia vulgarismos, dialectalismos e, mesmo, castellanismos; e unha sintaxe simple, con abundantes repeticións.

- rexistro formal

É o empregado en actos de comunicación motivados por unha actividade máis ou menos planificada, cun claro contido intelectual ou estético e cun propósito obxectivo. Verifícase nel un maior grao de adhesión á norma lingüística: precisión e riqueza léxica, sintaxe máis rica e complexa etc.

Variedades diastráticas ou sociolectos

As variedades sociais ou diastráticas, tamén chamadas **sociolectos** ou **niveis de lingua**, correspóndense cos diferentes grupos, segmentos e clases sociais que existen dentro dunha comunidade falante.

Distínguense, polo xeral, tres niveis básicos: o **culto** ou **elevado**, o **medio** e o **vulgar**. As diferenzas diastráticas están pouco marcadas na nosa lingua, por mor da inexistencia durante séculos de clases altas e cultas que empregasen con normalidade o galego. Ora ben, desde o momento en que o galego comezou a recuperar e ampliar os seus ámbitos de uso, foi aparecendo unha variedade estandarizada culta, que é a habitualmente empregada polas clases medias urbanas con alto nivel de instrución, algúns segmentos profesionais, certos medios de comunicación e algúns outros sectores.

O galego **culto** é tanto oral como escrito e caracterízase por un uso estrito das normas lingüísticas e por un máximo aproveitamento dos recursos léxicos e gramaticais do idioma. O galego **vulgar** é basicamente oral e caracterízase por unha menor precisión e corrección lingüísticas, por unha certa pobreza léxica e pola utilización de abundantes vulgarismos e dialectalismos.

Dentro das variedades sociais teñen importancia as chamadas **linguaxes específicas**, **linguaxes especiais** ou **subcódigos**. O estilo de vida das persoas ou a súa actividade profesional determinan unha serie de xeitos de falar peculiares que veñen

condicionados, ben polas características desa ocupación, ben polo desexo de manter aspectos da comunicación en segredo, ben pola necesidade de reafirmar a conciencia de pertenza a un determinado grupo. Estes modos de falar caracterízanse por ter un vocabulario propio, de sentido moi preciso, mesmo inintelixíbel para o resto da sociedade. Dentro deles, podemos distinguir:

- **as linguaxes técnicas ou tecnolectos**, que recollen a terminoloxía especializada propia dun grupo profesional ou científico. As linguaxes médica, xurídica, administrativa etc. son exemplos desta categoría. A diferenza das xergas, os tecnolectos non procuran o encubrimento e xorden pola necesidade de designar con precisión obxectos e/ou ideas non moi habituais para o resto dos falantes. Manexan abundantemente, por ese motivo, préstamos e cultismos.
- **as xergas ou xirias**. Unha xerga é a linguaxe empregada na comunicación oral por un grupo profesional, social (frecuentemente marxinal) ou de idade que a utiliza para se afirmar como tal grupo e para evitar ser comprendido polos demais (*criptolecto*). Aínda que a xerga mantén o sistema gramatical da lingua común, presenta un léxico moi especial ou mesmo inventado a base de deformar palabras habituais. A medida que van sendo coñecidas fóra do grupo, as súas palabras son substituídas por outras de nova creación.

Na nosa lingua existen xergas dicionais de profesións artesanais e ambulantes que se denominan **verbos**, **verbas** ou **latíns**. Son, entre outras, **o barallete** (verbo dos afiadores), a **verba dos arxinas** (ou **latín** dos canteiros), o **verbo daordés** (dos telleiros), a **lafrada** e o **latín dos chafoutas** (albaneis) e a **xiria dos cesteiros**. Na columna lateral temos algúns exemplos de diferentes **verbos** e **xirias**.

Por outra banda, no mundo actual adquiriron relevancia as variantes diastráticas propias de grupos asociados á marxinalidade delincuentes, consumidores de drogas.. (talego, trullo, farlopa...)ou vinculadas a determinados grupos de idade, como o xuvenil (careto, birra, flipar, guiri, tronco...). Estas variedades reciben comunmente o nome de **argot**.

Nos últimos tempos, irrompe con forza, especialmente entre a mocidade, a linguaxe dos sms, ou mensaxes de móbiles, ou de fotolog e similares, baseada na abreviatura de palabras. É unha linguaxe escrita